

A CORUÑA NO MUNDO

# BOLSAS DE ESTUDOS JUNIOR YEAR

2017-18

## NÚMERO DE BOLSAS

50 bolsas (posibilidade de ampliar a 60)

## REUNIÓN INFORMATIVA

Venres 25 de novembro ás 19:00 h.  
Salón de actos do CCM MALLOS

## PRAZO DE SOLICITUDE

28 de novembro a 9 de decembro  
até as 14.00 h.

1º DE BACHARELATO  
en EE.UU.



# A CORUÑA NO MUNDO

# BOLSAS DE ESTUDOS

# JUNIOR YEAR

O programa educativo "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS DE ESTUDOS JUNIOR YEAR 2017/2018 - 1º DE BACHARELATO EN EE.UU.", ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º da ESO residente na cidade da Coruña de cursar o Grao 11 en EE.UU. (equivalente a 1º de bacharelato) así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

Asemade, constitúe o obxecto do programa a educación dos participantes no respecto á diversidade cultural, racial, sexual... e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## TIPO DE BOLSAS

- **Bolsa total.** Serán beneficiarios/as de bolsa total os/as participantes seleccionados/as que non superen os 9000,00€ anuais de renda per cápita.
- **Bolsa parcial.** Serán beneficiarios/as de bolsa parcial os/as participantes seleccionados/as que superen os 9000,00€ anuais de renda per cápita. As familias das persoas beneficiarias desta bolsa terán que facer unha achega variable en función da súa renda.

## REQUISITOS

- Constar **empadroadro no Concello da Coruña e residir na cidade** xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal\*, **dende o 1 de setembro de 2016.**
- Estar **matriculado e cursando 4º de ESO.**
- Obter en **3º da ESO unha cualificación media de 6,5 puntos** ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- Obter en **3º da ESO unha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).**

**IMPORTANTE:** a concesión definitiva da bolsa está condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos polas Autoridades Federais Norteamericanas para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.

A realización do programa está supeditada á existencia de dotación orzamentaria e á celebración por parte do Concello da Coruña dun contrato de prestación de servizos cunha empresa xestora do mesmo.

## INSCRIPCIÓN

- **O prazo de presentación da documentación é do 28 de novembro ao 9 de decembro de 2016.** A Comisión poderá acordar a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes antes de que este finalice.
- O alumnado que queira participar no programa deberá **inscribirse en liña na web municipal [www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es) a través da ficha específica.** Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante de confirmación que se debe de imprimir. Este xustificante ten un **número de asignación** que será o de referencia de cada expediente no proceso.
- **A documentación do expediente e a ficha de solicitude,** asinada polo/a participante e a persoa ou persoas que teñen a patria potestade ou tutela sobre sobre o/a participante, deberá **presentarse nos rexistros municipais** ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo. A documentación presentárase nun **sobre pechado.** No anverso do mesmo deberá constar **o nome e apelidos do/a alumno/a solicitante** e o seu enderezo. A instancia que acompañe o sobre coa documentación deberá de estar encabezada polo/a alumno/a solicitante e dirixirse ao Servizo Municipal de Educación.
- **A presentación da solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.**



MÁIS INFORMACIÓN  
Servizo Municipal de Educación.  
Avenida da Marina, 18 -3º. 15001 A Coruña  
Tel. 981 18 42 00 ext. 12047 // 12043 // 12027  
[educacion@coruna.es](mailto:educacion@coruna.es)

Este documento ten carácter meramente informativo. As bases do programa poden consultarse na web [www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es)

